***“BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DAS ESCOLAS DEPORTIVAS, EDUCATIVAS, ENVELLECEMENTO ACTIVO E CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL:***

***OBXECTO:***

*O Concello de Carral, dentro da súa programación de actividades para a cidadanía, pon en marcha o programa das Escolas Deportivas, Educativas, de Envellecemento Activo e de Conciliación Familiar destinadas á poboación maior de 3 anos durante o curso escolar 2025-2026 (madrugadores dende o 9 de setembro e o resto do 1 de outubro 2025 ata o 19 de xuño de 2026)*

*Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria pública para a participación neste programa.*

***INICIO, HORARIO E LUGAR DAS ACTIVIDADES.***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *As actividades deportivas, educativas e de envellecemento activo COMEZARÁN ao longo da 1ª semana de outubro de 2025, nos seus correspondentes horarios. Prolongaranse durante o curso escolar 2025-2026, ata o 19 de xuño do 2026.*
- *Actividade de madrugadores (dentro do programa de Conciliación Familiar) comezará o día 9 de setembro.*
- *Os días e horas de inicio de cada actividade publicarase na páxina https://carral.es/escolas-municipais/, así como nos* ***taboleiros informativos*** *da Casa da Cultura e instalacións deportivas municipais. Os interesados deberán informarse por calquera dos xeitos descritos das datas, horas e lugares concretos de inicio das súas respectivas actividades.*
- ***No folleto informativo,*** *estableceranse as instalacións e os horarios semanais de cada unha das actividades do programa.*
- ***Vacacións:*** *durante o curso existirán diversos períodos non lectivos (acordes co calendario lectivo escolar). Este calendario estará dispoñible na páxina https://carral.es/escolas-municipais/, así como nos taboleiros de anuncios da Casa da Cultura e instalacións nas que se desenvolva cada actividade. Ademais este calendario lectivo entregaráselle a todos os alumnos/as o día da presentación da actividade.*

## *DESTINATARIOS: Idades e grupos*

- *Para alumnos/as dende Educación Infantil (dende 3 anos) en diante.*
- *Cada actividade establecerá un límite de idade acorde ao nivel didáctico e desenrolo físico e psíquico-afectivo requirido para a súa práctica. No folleto informativo do programa establecerase o marco de idades para cada unha das actividades.*
- *Organizaranse os grupos por idades. Estes* ***grupos serán o máis homoxéneos posible****, cumprindo sempre a normativa vixente.*

## *PREZOS: Cotas, descontos e xeito de pagamento.*

- *Segundo o acordo regulador nº 1 do prezos por actividades deportivas, culturais, xuvenís e socio educativas do Concello de Carral (Epígrafe 1), o prezo das actividades será de 14 €/mes ou 98 € pago único (8, 5 meses) por persoa e actividade de dúas horas/semana, 15 €/mes ou 105 € pago único (8,5 meses) para as actividades de 3 horas/semana e 16 €/mes para as actividades de 4 ou máis horas.*
- *No seu epígrafe 3, detállase o prezo da actividade de madrugadores, sendo 37 €/mes ou 3,00 €/día solto.*
- *O custo da Escola Municipal de Música é de 40 €/mes ou 280 € pago único.*
- *Ademais destas cotas, algunhas actividades carrexan* ***custos federativos obrigatorios*** *(licencias, etc.). Este feito deberase consultar no momento da inscrición ou na presentación da actividade.*
- *O cargo da cota correspondente farase, unha vez comecen as clases, mediante domiciliación bancaria a principios de cada mes. Aquel participante que non abone as súas cotas no mes vencido, daráselle de baixa automaticamente na actividade, non podendo volver a inscribirse ata que abone a súa débeda e pasando ao último posto da listaxe de espera se a houbese.*
- *Os descontos aplicables a este programa son os seguintes (ademais dos pagos únicos):*
  - ***Familia numerosa*** *(acreditado): - 3 €/mes por actividade.*
  - ***Terceira idade e persoas con discapacidade*** *(acreditado): - 3 €/mes por actividade.*
  - ***Voluntarios Protección Civil*** *(acreditado): - 3 €/mes por actividade.*
- *Estes descontos non son acumulables entre eles.*
- *A opción de* ***PAGO ÚNICO*** *cargarase á conta bancaria no mes de novembro.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *As **cotas aboadas NON SE DEVOLVERÁN AGÁS CAUSAS DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS.***

## *OFERTA DE ACTIVIDADES.*

- *Días antes do inicio do prazo de inscricións, publicarase un folleto coa información das actividades (idades, horarios, grupos, prazas, prezos e lugar) así como apertura de prazos e condicións do programa**, a lo menos, a través das redes sociais, páxina web municipal, taboleiro de anuncios da sede electrónica e taboleiros informativos dos diferentes edificios municipais.***

## *INSCRICIÓN: Prazos e procedementos.*

- *Estableceranse 3 **PRAZOS DE INSCRICIÓN** ao longo do curso:*
  - *O **PRAZO INICIAL para a inscrición únicamente para o programa de madrugadores** abarcará dende ás **9:00 h do 28 de xullo ata ás 14:00 h do 8 de agosto de 2025**.*
  - *O **PRIMEIRO PRAZO** de inscrición en todas as actividades, abarcará dende **as 09:00 h do 25 de agosto ata as 14:00 h do 12 de setembro de 2025**, ou o remate das prazas da cada actividade ou grupo.*
  - *O **SEGUNDO PRAZO** de inscrición para todas as actividades, abarcará dende as 9:00 h do 6 de outubro ata ás 14:00 h do 10 de outubro de 2025. Neste ofertaranse unicamente as prazas que quedaron vacantes no prazo de inscrición anterior.*
  - *O **TERCEIRO PRAZO** de inscrición abarcará dende as 9.00 h do 8 de xaneiro ata ás 14:00 h do 14 de xaneiro de 2026. Neste período ofertaranse unicamente as actividades con prazas vacantes.*

- *As inscricións para todos estes prazos poderanse tramitar dos seguintes xeitos:*
  - ***A través da sede electrónica no enlace:** https://sede.carral.es/sxc/gl/procedimientosytramites/index.html#actividades_culturales_deportivas*
  - ***Presencialmente**, no Rexistro Municipal do Concello (Casa Consistorial), cubrindo e entregando o formulario de inscrición.*

**** NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS POR OUTROS MEDIOS QUE OS INDICADOS**.*

***** Os impresos de inscrición, poderase recoller nas dependencias municipais ou descargar da páxina** https://carral.es/escolas-municipais/.*

- *A documentación complementaria (para acreditar algún dos descontos ou condicións especiais) entregarase xunto coa solicitude de inscrición por calquera dos medios descritos anteriormente.*
- ***AS PRAZAS** (de actividades/grupos) **SON LIMITADAS e ASIGNARANSE POR RIGOROSA ORDE DE INSCRICIÓN**. Unha vez cubertas as prazas da actividade ou grupo, crearanse **LISTAXES DE ESPERA**.*
  ** Reservaranse un 10% das prazas para nenos/as con NEAE (necesidades específicas de apoio educativo, como por exemplo TDAH), con NEE con autonomía persoal (HVD: habilidades para a vida diaria), ou en ris- co de exclusión social.*
- *No caso de existir **coincidencia na data e hora no rexistro da solicitude de inscrición** de dous ou máis interesados para a última praza dunha actividade ou grupo, terán preferencia os*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*empadroados en Carral e de seguir o empate, a praza asignarase mediante **SORTEO PÚBLICO**.*

- *Terán **preferencia** aqueles **nenos e nenas empadroados no Concello de Carral** ou aqueles nenos que acoden aos Centros Educativos públicos da localidade.*
- *Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada*
- *Para formalizar a inscrición é preciso que o interesado/a **NON TEÑA DÉBEDAS co Concello de Carral**.*

## PUBLICACIÓN DE LISTAXES

- *O venres 5 de setembro de 2025 faranse públicas as listaxes de admitidos e listaxes de agarda (se as houbese) para o programa madrugadores.*
- *O mércores 17 de setembro do 2025 faranse públicas as listaxes de admitidos e listaxes de agarda (se as houbese) para cada unha das actividades e/ou grupos.*

## BAIXA DAS ACTIVIDADES: Prazos e procedementos

- *Para darse de baixa **voluntariamente** da actividade no seu conxunto ou algunha das quendas, será preciso cubrir e asinar o formulario disposto para tal fin no Rexistro Municipal. Este impreso pódese recoller nas dependencias municipais ou descargar da páxina https://carral.es/escolas-municipais/. Unha vez tramitada a baixa nunha actividade, o alumno/a non poderá cursar nova alta nesa ou outra actividade ata o seguinte prazo de inscrición.*
- *Aquel participante que non abone as súas cotas no mes vencido, daráselle de **baixa automaticamente** na actividade/s, non podendo volver a inscribirse ata que abone a súa débeda e pasando ao último posto da listaxe de espera se a houbese. De igual xeito, a aquel participante que devolva máis de tres mensualidades ao longo do curso, causará baixa automaticamente na actividade.*
- *As cotas aboadas NON SE DEVOLVERÁN AGÁS CAUSAS DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS.*

## ACLARACIÓNS IMPORTANTES:

- *As **prazas** nas actividades/grupos serán **limitadas** para garantir a seguridade e a calidade no proceso de ensinanza aprendizaxe. Naquelas actividades nas que se completen as prazas ofertadas, crearanse listaxes de espera. Por razóns organizativas, o Concello poderá modificar as idades, lugares e horarios dos grupos/actividades. Así mesmo reservase o dereito de comezar, suspender, ou modificar os lugares e número de alumnos por grupo das actividades. Estes cambios notificaranse sempre aos alumn@s interesados.*
- *Nalgunhas actividades, como **HÍPICA, É OBRIGATORIA O TRÁMITE DA LICENCIA FEDERATIVA**, e esta será a cargo do alumno/a.*
- *Correrá por conta do alumno/a a adquisición do material non inventariable ou de uso persoal, necesario para o desenrolo da actividade (material de debuxo e pintura, patíns para patinaxe, maillots en rítmica, etc.).*
- *Nos **programa de madrugadores** e concilia día a día, centrarase unicamente no coidado e atención dos menores, **NON dispensándose almorzos/xantares aos usuarios**. Os nenos/as que fagan uso*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*destes horarios* ***deberán traer o seu almorzo ou xantar da casa*** *(disporase dun forno microondas para quentar a comida).*

- *É recomendable que o/a alumno/a se someta a un* ***RECOÑECEMENTO MÉDICO*** *que descarte calquera problema ou enfermidade que lle incapacite ou limite para a práctica da mesma. Se padece algunha* ***LESIÓN, ENFERMIDADE*** *ou outros datos relevantes que poidan incidir ou limitar a práctica deportiva, deberá indicalo no boletín de inscrición.*
- *O* ***CORREO ELECTRÓNICO*** *usarase como canle de comunicación de incidencias*

## *PARA MÁIS INFORMACIÓN:*

***ACTIVIDADES DEPORTIVAS E DE ENVELLECEMENTO ACTIVO:*** *Casa da Cultura de Carral (43°13'42.8"N 8°21'39.8"W), telf. 981.67.25.80 /r. Paleo, nº 17 (en fronte ao Centro de Saúde) casadacultura@carral.es*

***ACTIVIDADES EDUCATIVAS E DE CONCILIACIÓN FAMILIAR:*** *Edificio Social Toñito Espiñeira, planta 2º, Departamento de Educación (43°13'45.8"N 8°21'29.5"W), telf. 981.61.35.20/ r. Manuel Méndez Búa, nº6 / educacion@carral.es*

## *ANEXOS:*

- *ANEXO I: RELACIÓN DE ACTIVIDADES E CARACTERÍSTICAS*
- *ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS ESCOLAS MUNICIPAIS*
- *ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO PROGRAMA MADRUGADORES*
- *ANEXO IV: MODELO DE SOLICITUDE DE BAIXA DAS ACTIVIDADES*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## *ANEXO I: RELACIÓN DE ACTIVIDADES E CARACTERÍSTICAS*

**ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2025/2026**
**DEPORTE ESCOLAR**

| ACTIVIDADE | HORARIOS e GRUPOS | LUGAR | Nº MONITORES | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| ***ATLETISMO ESCOLAR*** ***(a partir de 4 anos)*** | *G.1.(2021-2018):luns/mércores,15:20-16:20h* *G.2.(2017-ant):luns/mércores,16:20-17:20 h* | Pavillón Colexio | 1 monitor-a /grupo | |
| ***XIMNASIA RÍTMICA ESCOLAR*** ***(a partir de 4 anos)*** | *G.1.(2021-2019): martes/xoves,15:20-16:20h* *G.2.(2018-2015):martes/xoves, 16:20-17:20h* *G.3.(2014-ant.):martes/xoves, 17:20-18:20h* | Pavillón Colexio | 1 monitor-a /grupo | ▪ O monitor-a deberá monta/desmontar o tapiz de rítmica ao iniciar/rematar a actividade. ▪ Ao longo do curso esta actividade inclúe diversas competicións/exhibicións tanto dentro como fora do horario da actividade |
| ***PATINAXE ESCOLAR*** ***(a partir de 4 anos)*** | *G.1.(2021-2019):luns/mércores, 15:20-16:20h* *G.2.(2018-ant):luns/mércores, 16:20-17:20h* | Pavillón Colexio | 1 monitor-a /grupo | ▪ Ao longo do curso esta actividade inclúe diversas competicións/exhibicións tanto dentro como fora do horario da actividade |
| ***JUDO ESCOLAR*** ***(a partir de 4 anos)*** | *G.1.(2021-2018): martes/xoves,15:20-16:20h* *G.2.(2017-ant.):martes/xoves, 16:20-17:20h* | Pavillón Colexio | 1 monitor-a /grupo | ▪ O monitor-a deberá montar/desmontar o tatami ao iniciar/rematar a actividade ▪ Ao longo do curso esta actividade inclúe diversas competicións/exhibicións tanto dentro como fora do horario da actividade |
| ***XOGOS PREDEPORTIVOS**** | *G.1. (2022-2021): Horario por determinar (2 horas á semana)* | Aula Colexio | 1 monitor-a /grupo | Nova actividade |

**ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2025/2026**
**DEPORTE ADULTOS / ENVELLECEMENTO ACTIVO**

| ACTIVIDADE | HORARIOS e GRUPOS | LUGAR | Nº MONITORES | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| ***ZUMBA*** *(a partir de 12 anos)* | *G.1. Luns e mércores: 20:00-21:00 h* *G.2. Luns e mércores: 21:00-22:00 h* | P. Espiño | 1 monitor-a /grupo | ▪ Ata 25 alumnos/as por grupo. |
| ***XIMNASIA MANTEMENTO en Carral*** | *Luns e mércores: 9:45 - 10:45 h* | P. Espiño | 1 monitor-a /grupo | ▪ Ata 30 alumnos/as por grupo. |
| ***XIMNASIA MANTEMENTO en Tabeaio*** | *Martes e xoves, 17:30 - 18:30 h* | Local Xente Nova Tabeaio | 1 monitor-a /grupo | ▪ Ata 30 alumnos/as por grupo. |
| ***XIMNASIA MANTEMENTO en Quembre **** | *Por determinar (2 horas á semana)* | Local social Quembre | 1 monitor-a /grupo | ▪ Ata 20 alumnos/as por grupo. |
| ***XIMNASIA MANTEMENTO en Barcia **** | *Por determinar (2 horas á semana)* | Local Social Barcia | 1 monitor-a /grupo | ▪ Ata 20 alumnos/as por grupo. |
| ***XIMNASIA MANTEMENTO en San Vicente*** | *Por determinar (2 horas á semana)* | Local Social San Vicente | 1 monitor-a /grupo | ▪ Ata 20 alumnos/as por grupo. |

**ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2026/2026**
**DEPORTE PARA TODOS/AS**

| ACTIVIDADE | HORARIOS e GRUPOS | LUGAR | Nº MONITORES | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| ***BALONCESTO*** *(a partir de 6 anos)* | *G.1.(6-8 anos)Martes/xoves, 17:30 - 18:30h* *G.2.(+ 9 anos)Martes/xoves, 18:30 - 19:30h* | P. Espiño | 1 monitor-a /grupo | ▪ Ata 18 alumnos/as por grupo. |
| ***EQUITACIÓN*** *(a partir de 7 anos)* | *G.1. xoves, 16:00 - 17:00 h* *G.2. xoves, 18:00 - 19:00 h* | P. Colexio | 1 monitor-a /grupo | ▪ Para evitar o desprazamento da escola, esta actividade deberase impartir dentro do termo municipal de Carral. ▪ Ata 7 alumnos/grupo. |
| ***PÁDEL*** *(a partir de 8 anos)* | *G.1. (2016-2014):luns/mércores,17:30-18:30h* *G.2 .(2013-2012):luns/mércores, 18:30-19:30h* *G.3. (2011-2010):luns/mércores, 19:30-20:30h* *G.4. (< 2009):luns/mércores, 20:30-21:30 h* | Pistas Municipais Pádel | 1 monitor-a /grupo | ▪ Ata 10 alumnos/as por grupo. |



CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***

# ESCOLAS EDUCATIVAS E CONCILIACIÓN FAMILAR CURSO 2025/2026

| ACTIVIDADE | HORARIOS PREVISTOS | LUGAR | HORAS SEMANAIS / GRUPO |
|---|---|---|---|
| **DEBUXO E PINTURA** (a partir de 4 anos) | *Luns e mércores* Gr.1(2021-2017)15:20-16:20h Gr.2 (2016-2013):16:20-17:20h | CEIP Vicente Otero | 2 |
| **INFORMÁTICA** | Martes e xoves 15:20-16:20h | CEIP Vicente Otero | 2 |
| **BAILE MODERNO** | Martes e xoves: Gr.1.-(2022-2019):15:20-16:20h Gr-2.-(2018-2013):16:20-17:20h | CEIP Vicente Otero | 2 |
| **ROBÓTICA** | Luns e mércores:15:20-16:20h | CEIP Vicente Otero | 2 |
| **COCIÑA DIVERTIDA** | Martes e xoves:16:20-17:20h | CEIP Vicente Otero | 2 |
| **FUN ENGLISH** | Alumnado de Educación Primaria Luns e mércores:16:20-17:20h | CEIP Vicente Otero | 2 |
| **SERVIZO DE MADRUGADORES** Inicio en setembro | Luns a venres 07:20-9:20 | CEIP Vicente Otero | |
| **S. CONCILIACIÓN ESCOLAR** | Luns a Venres 15.20-16.20 | CEIP Vicente Otero | 2h/semana 3h/semana 4h ou +/semana |
| **MÚSICA** Escola de música: piano, guitarra(española/eléctrica), batería, etc.. | Luns , Martes e Mércores Horario 16.00-20.00 | Centro Formación Antón Fraguas | Media hora de clase instrumental e 1 h de linguaxe musical |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***


## *ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS ESCOLAS MUNICIPAIS*

Concello de CARRAL

| Data recepción | Hora recepción |
|---|---|
| | |

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN ESCOLAS MUNICIPAIS

*(Cubrir 1 solicitude por alumno/a)*

**DATOS ALUMNO/A**

*APELIDOS* ____________ *NOME* ____________

*DNI/NIE:* ____________ *ENDEREZO* ____________

*LOCALIDADE* ____________ *C.P.* ____________ *DATA NACEMENTO* ____________

*TFNO. 1* ____________ *MÓBIL* ____________

*SEXO* *Home* ○ *Muller* ○ *CORREO ELECTRÓNICO:* ____________

*Autoriza a recibir información relativa a estas actividades municipais a través da aplicación WhatsApp?:* ○ SI ○ NON

**ACTIVIDADES NAS QUE SE INSCRIBE**

| ACTIVIDADES | GRUPO (Segundo idades) |
|---|---|
| 1.- | |
| 2.- | |
| 3.- | |
| 4.- | |
| 5.- | |

*Se padece algunha enfermidade/lesión que limite ou incida nalgunha das actividades citadas, indíqueo:* ____________

**DATOS BANCARIOS**

*NOME DO TITULAR:* ____________ *DNI* ____________

| E S | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

*IBAN* *Nº CONTA BANCARIA*

**FORMA PAGO**

*FORMA DE PAGO:* *Mensualidades* ○ *Único pago* ○

*DESCONTOS (debidamente acreditados)* *Familia Numerosa* ○ *Terceira Idade* ○ *Voluntario P.C.* ○

**POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS**

**POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS:**
De acordo co disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados polo Concello de Carral, para a súa inscrición nas Escolas Municipais. Comunicaselle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición, limitación do tratamento , así como no ser obxecto de decisións automatizadas, dirixindo a súa petición acompañada dun documento identificativo válido ao enderezo postal Campo da Feira, 1, 15175 CARRAL (A Coruña) ou ben a través do enderezo electrónico dpo@carral.es.

**CONSENTIMENTO PUBLICACIÓN DE DATOS:**
Autorizo ao Concello de Carral a publicar nos taboleiros informativos e web municipal as listaxes de admitidos e reservas co nome e apelidos dos inscritos/as

○ *SI consinto a publicación do nome/apelidos*
○ *NON consinto a publicación do nome/apelidos*

**CONSENTIMENTO DE IMAXE E PARTICIPACIÓN:**
O Concello de Carral e a empresa prestadora do servizo, tomarán de fotografías e vídeos no desenrolo das actividades, coa finalidade informativa e divulgativa (prensa, folletos, carteis, facebook, web municipal, etc.)

○ *SI consinto a toma de imaxes*
○ *NON consinto a toma de imaxes*

| | |
|---|---|
| | |
| ***Sinatura titular da conta bancaria*** | ***Sinatura (no seu caso pai, nai ou titor)*** |

*** O/a asinante **autoriza os pagos** dos recibos que sexan presentados polo Concello de Carral en concepto de Escolas Municipais*
*** O/a asinante **declara seren certos os datos achegados**. Se o Concello de Carral detectara falsidade nos devanditos datos, o alumno/a causará baixa automáticamente.*
*** O/a asinante **declara ter lido, comprende e acepta** cumprir **as condicións de inscrición e participación descritas nas bases reguladoras do programa de actividades das escolas municipais**.*


Docum... deste
Organi... Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## *ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO PROGRAMA MADRUGADORES*

**Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100 I
correo@carral.es - www.carral.es - https://sede.carral.es/es

*FICHA DE INSCRICIÓN CURSO 2025/2026*

*SERVIZO DE MADRUGADORES –HORARIO: 7:20-9:20*

Nome e apelidos ALUMNO/A: ______________________________

Data nacemento: ___ / ___ / _____ Curso actual: ______________________

Enderezo: ______________________________

Nome e apelidos PAI/NAI/TITOR/A LEGAL: ______________________________

DNI ______________ Teléfono de contacto: ______________ Correo electrónico: ______________

TRABALLAN AMBOS PROXENITORES A DATA ACTUAL? SI ☐ NON ☐

ASISTENCIA SERVIZO DE MADRUGADORES

Hora de entrada: ______ : ______ Días que asistirá: ☐ Luns ☐ Martes ☐ Mércores ☐ Xoves ☐ Venres

☐ TRAE ALMORZO DA CASA ☐ ALMORZA NA CASA

INFORMACIÓN RELEVANTE (ALERXIAS, INTOLERANCIAS, OBSERVACIÓNS MÉDICAS):

______________________________

DATOS BANCARIOS PARA DOMICILIACIÓN DO PAGO

- Titular conta: ______________________________
- IBAN (número de conta): ______________________________

Autorizo a domiciliar o pago do servizo de madrugadores na conta indicada

AUTORIZACIÓN

| | SI | NON |
|---|---|---|
| ***Autoriza a recibir información relativa a estas actividades municipais a través da aplicación WhatsApp?:*** *Garde en contactos o teléfono móbil 678338872(educación) para poder recibir mensaxes de listas de difusión* | ☐ | ☐ |
| ***Consentimento publicación de datos:*** *Autorizo ao Concello de Carral a publicar nos taboleiros informativos e web municipal as listaxes de admitidos e reservas co nome e apelidos do inscrito/a* | SI ☐ | NON ☐ |
| ***Consentimento imaxe :*** *Concello de Carral e empresa prestadora do servizo, tomarán fotografías e vídeos no desenrolo das actividades con finalidade informativa e divulgativa(prensa, folletos, carteis, redes sociais, web municipal, etc)* | SI consinto ☐ | NON consinto ☐ |

**Política de privacidade**.- De acordo co disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo/a de que os datos facilitados neste formulario serán tratados polo Concello de Carral coa finalidade de poder xestionar a alta do alumno no programa de Madrugadores. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, así como no ser obxecto de decisións automatizadas. Pode dirixir a súa petición ao enderezo postal Praza Campo da Feira, 1, 15175 Carral, ou ben a través do enderezo electrónico dpo@carral.es

☐ LIN E ACEPTO A POLÍTICA DE PRIVACIDADE

Sinatura: ______________________________ Data: ___ / ___ / _____

Do ... ónica deste
Or...
(ar...

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***ANEXO IV: MODELO DE SOLICITUDE DE BAIXA DAS ACTIVIDADES:***

Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100 I

correo@carral.es - www.carral.es - https://sede.carral.es/es

# SOLICITUDE DE BAIXA NAS ESCOLAS DEPORTIVAS, CULTURAIS E EDUCATIVAS

***Nome do alumno/a:*** ________________________________________

__________________________________________________________

***Nome do pai/nai/titor legal:*** ***(no caso de ser o alumno/a menor de idade):***

__________________________________________________________

__________________________________________________________

***Actividade/s na que causa baixa:***

***1.***________________________________________________________

***2.***________________________________________________________

***3.***________________________________________________________

***4.***________________________________________________________

***Motivo da baixa (opcional):*** __________________________________

__________________________________________________________

__________________________________________________________

***Data dende que se fará efectiva a baixa:***________________________

***Data:*** _____/___________/20___

**SINATURA**

**Política de privacidade**.- De acordo co disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo/a de que os datos facilitados neste formulario serán tratados polo Concello de Carral coa finalidade de xestionar a súa solicitude de baixa nas escolas deportivas, culturais e educativas. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, así como no ser obxecto de decisións automatizadas. Pode dirixir a súa petición ao enderezo postal Praza Campo da Feira, 1, 15175 Carral, ou ben a través do enderezo electrónico dpo@carral.es

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº* 1 // *C.P.:* 15175// *Tel.: 981670002 Fax:* 981 6722 82// *C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***

**.”**

**SEGUNDO**.- Publicar na sede electrónica municipal este decreto.Dar conta desta Resolución ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre , dando traslado ós servizos de intervención e tesourería municipal aos efectos oportunos

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: B6H1YP5Bz+vshzgRx+CD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.